



Comunicado da Xunta Directiva.

Estimados membros de Tanxedoira,

Antes de máis, desexamos que todos e todas vós esteades ben de saúde, que é o máis importante.

Poñémonos en contacto con vós para informaros das xestións que estamos a facer para poder comezar o vendeiro curso o próximo 2021-2022 despois de ano e medio sen realizar ningún tipo de actividade por mor da pandemia...

A nosa intención é tentar este ano retomar coas actividades, sempre e cando a situación derivada pola pandemia permita a realización das mesmas cumprindo con todas as medidas de seguridade e hixiene necesarias.

Por iso, en primeiro lugar, compraremos e instalaremos no local dispensadores automáticos de xel hidroalcohólico, desinfectante e papel para poder manter as ótimas condicións de hixiene.

Deste modo, tamén estamos a elaborar un protocolo de actuación de limpeza e actuación para levar a cabo antes, durante e despois de cada unha das actividades, que poremos no voso coñecemento proximamente.

Como ben saberedes, e como se determinou en pasadas Asembleas Xerais de socios e socias, esta Xunta Directiva mantivo contactos co Concello da Coruña para conseguir un espazo máis axeitado para o desenvolvemento das nosas actividades. Neste sentido, e debido á situación de emergencia sanitaria que estamos a vivir, volvemos retomar eses contactos (xa que nunca frutificaron en modo algún), debido a que para desenvolver as nosas actividades cómpre respectar a distancia de seguridade establecida por lei.

Até o de agora, como en anteriores ocasións, non recibimos a axuda esperada por parte do consistorio. É máis, as esperanzas non son nada boas, posto que xa nos adiataron que “hai moitas asociacións” na nosa mesma situación “e moi poucos locais baleiros”. Só fai falla ver as novas que saen a cotío nos xornais para darse conta de que moitas entidades con máis historia nas costas morren de xeito irremediábel.

Aínda así, estamos a poñer todo da nosa parte para explorar diferentes opcións, como por exemplo a cesión dalgún dos locais que colindan co noso, para así poder pasar todos os utensilios e a oficina para alí para que, deste xeito, poidamos facer un uso completo do local.

Doutra banda, para aquelas actividades máis numerosas, como o caso de Coro, Rondalla, Teatro e Baile conseguimos a cesión momentánea dos salóns de actos dos centros cívicos de Monelos e O Castrillón, aínda que estarán supeditadas ás propias actividades organizadas por estes centros cívicos.

Así, pois, queremos facervos partícipes do noso traballo e preocupación para tentar recuperar, na medida do posíbel, un pouco a normalidade das nosas actividades cotiás. Tendo en conta, alén disto, que unha situación de inoperancia é totalmente contraproducente para a vida da asociación e os seus intereses.

Con todo, tamén estamos abertos a suxerencias pola vosa parte, xa que Tanxedoira é de todos e todas nós. E se morre, perderase unha parte de todos e todas nós.

Evidentemente, e por todo isto, o inicio do vendeiro curso 2021-2022 estará supeditado ao avance da situación epidemiolóxica e ao apoio recibido (se é o caso!) por parte do Concello da Coruña. Así que esperamos poder comezar o curso, cunhas mínimas garantías de hixiene que nos permitan sentirnos seguros e seguras, e vermos as caras de novo... aínda que sexa cunha máscara!

Saúdos cordiais.

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.

